


IV PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONCELLO PORTO DO SON

ORIENTACIÓN



SEGURIDADE

PREVENCIÓN DE RISCOS - INSTRUCCIÓN DE SEGURIDADE

4ª PROBA DA XXVII LIGA GALEGA DE O-PE

Porto do Son

14/04/2018

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos propios das carreiras de orientación a pe.
2. No caso de menores de idade, ademais, os respectivos clubs son os responsables de asignar a estes participantes ó percorrido adecuado, segundo o seu nivel físico e técnico, debendo, no seu caso, proceder a inscribilos en percorridos de iniciación.
3. Unha vez avaliados os riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente dos seguintes aspectos:

▲ **¡ATENCIÓN: ESTRADAS!**

Na área de competición existen varias estradas e pistas asfaltadas. Aínda que non presentan apenas volume de circulación de vehículos de motor, os competidores están obrigados a cumprir estritamente as normas de circulación. Este detalle cobra especial relevancia polo feito de que, no mesmo día, aínda que en horarios non coincidentes, celebrense na estrada CP-7102, que discorre pola zona da secretaría, unha proba de rali. Non se esperan vehículos ata as 6 da tarde, pero róbase unha especial atención.

▲ **¡ATENCIÓN: FIRME IRREGULAR!**

A proba descorre por zonas nas que se acaban de acometer talas intensas, quedando moito material forestal polo chan. Hai risco de caídas por enganche. Ademais, debido as continuas choivas, o terreo está moi brande e enchoupado.

▲ ¡ATENCIÓN: MOTOS E VEHÍCULOS DE MOTOR!.

Algunhas zonas do mapa de competición son frecuentadas por afeccionados ó motocros.

▲ ¡ATENCIÓN: ANIMAIS SOLTOS!.

Pode darse a posibilidade de que en certas partes do mapa nos atopemos con animais semisalvaxes (cabalos e vacas do monte). Aínda que tenden a fuxir perante da presenza de humanos, o seu comportamento e imprevisible. Rógase prudencia.

▲ ¡ATENCIÓN: VALADOS PERIGOSOS!.

Na superficie cartografada hai unha gran extensión de valados de arames. Algúns deles son facilmente pasables entre as liñas de arames pero outros teñen unha alta dificultade e risco de lesión. Habilitáronse varios puntos de paso para superar estes obstáculos. Prohibido derrubar os valados.

Este ano, moitos cercados existentes están derrubados para labores de mantemento da zona. Algúns sinaláronse con cinta de balizamento pero resultou imposible marcar todos eles. Polo tanto, hai risco de atopar arames polo chan.